

Dende a Escola Superior de Conservación e Restauración de Galicia, queremos denunciar a situación de emerxencia na que se atopa a Fonte de Troncoso construída por Antonio Palacios en Mondariz Balneario, e dar o noso apoio á Plataforma SOS Fonte de Troncoso na súa defensa do patrimonio e da cultura de Mondariz Balneario.

A Fonte de Troncoso, á que acudían os veciños a coller auga ata o seu peche por motivos de seguridade, é unha edificación que comparte elementos arquitectónicos coas outras dúas construcións de Antonio Palacios en Mondariz Balneario: a Fonte da Gándara e o edificio da Baranda. Estas similitudes evidencian a vontade do arquitecto de dotar dunha unidade formal a todo o balneario, dun estilo identificativo e recoñecible.

Atópase situada á beira do río Tea incluído na Rede Natura 2000 da Unión Europea, está incluída no Catálogo de Bens Culturais do Concello de Mondariz Balneario cun grao de protección integral e tamén no Plan Básico Autonómico aprobado pola Xunta de Galicia, porén, atópase nun estado de conservación deplorable.

A marquesiña e as súas varandas modernistas de ferro forxado atópanse en moi mal estado de conservación e, como apuntamos anteriormente, ten pechado o acceso ao público por motivos de seguridade.

Do edificio de granito quedan unicamente en pe os muros de carga. Perdeu a súa cuberta polo que as cabeceiras dos muros aparecen agora expostas e sen protección fronte ás inclemencias meteorolóxicas. Tendo en conta o elevado grao de pluviosidade dos invernos galegos é mais que probable que, de non tomar medidas urxentes, a chuvia orixine fendas en ditos muros provocando a súa desestabilización e posible derrube. Por dito motivo, consideramos de vital importancia que se leve a cabo de maneira urxente a consolidación das cabeceiras destes muros.

Corresponde a administración galega aplicar medidas de protección activas que garantan a conservación dos bens protexidos que formen parte do patrimonio cultural de Galicia se os titulares dos mesmos non o fan. Esperamos que se tomen as medidas necesarias para evitar a perda dunha construción tan emblemática como a Fonte de Troncoso.

Pontevedra 4 de novembro de 2019




Carmen Lorenzo Rivera
Directora da ESCRBCC de Galicia.